



## 1 DA IMPORTANCIA, PROBLEMÁTICA E DEFENSA DOS BENS CULTURAI HISTÓRICOS

Afortunadamente a necesidade de defender e protexe-la tradición cultural herdada está, sen dúbida, abríndose paso na conciencia dun número cada vez maior de persoas. O superior nivel cultural da sociedade española permitiu, nos últimos anos, estende-la preocupación pola conservación e o goce do propio patrimonio histórico e cultural a sectores sociais tradicionalmente alleos a esta problemática. Como sinala García Braña, "parece evidente a constatación de que a preocupación polo patrimonio histórico-artístico en xeral e do arquitectónico en particular está xa suscitada e sentida en amplos sectores da sociedade, adquiriu un estado de cuestión, inda que isto non queira dicir, evidentemente, que as respostas destes amplos sectores sexan coincidentes, nin moito menos"<sup>1</sup>. Aceptemos que as solucións á degradación e perda dos bens culturais son complexas pero estas pasan por unha toma de conciencia global sobre a súa urxencia e necesidade "porque é absolutamente imposible, nunha sociedade libre como a que pretendemos vivir, impoñer unhas normas de conducta en materia, por natureza non coactiva, sen unha acollida espontánea da maioría dos cidadáns"<sup>2</sup>. Unha sociedade consciente do valor que o patrimonio cultural ten para a comunidade esixirá, dos poderes públicos, preocupación polo tema e os recursos económicos e humanos necesarios para a súa solución. É obrigación moral da sociedade reclamar á Administración unha actitude comprometida e vixilante na defensa da propia tradición.

Así, o patrimonio histórico-artístico e cultural non é só, para o home de hoxe, unha morea de edificios de máis ou menos valor monumental, ruínas, papeis, pedras ilustres, senón unha entidade temporal con memoria que é necesario conservar como algo esencial para o benestar e a estabilidade psicolóxica do propio colectivo humano. "A ruína e o vestixio teñen que se transformar en testemuños da conciencia actuante da

comunidade"<sup>3</sup>, afirmaba en 1982, con motivo do I seminario de arte/comunicación en Sada, Domingo García-Sabell.

A renuncia á propia tradición, ó propio pasado cultural, escraviza ós pobos ó perder estes os seus sinais de identidade e continuidade existencial, humilla ós seus homes, impide o progreso e a liberdade. "Privado de tradición, o ser humano perde a súa conciencia da eficacia histórica. E con isto despréndese do fundamento mesmo da vida espiritual"<sup>4</sup>. Poucos como Vicente Risco (1884-1963) souberon mostrar, en acertadísimos escritos, a vitalidade e orixinalidade que encerra a idea de tradición. Vexámolo en 1934:

*"Formouse no espírito dos galegos o complexo de inferioridade, e sentiron vergonza de si mesmos e de Galicia; vergonza da súa fala, dos seus costumes, dos seus vestidos, das súas casas. Convertéronse nun pobo humilde e suplicante, sen vontade, escravizado, disposto a aturar todo o que lles botaran enriba do lombo.*

*Como lles presentaban a Castela como modelo único digno de imitación, procuraron falar castelán, vesti-la blusa castelá e a boina vasca; quixeron facer prazas de touros, foron abandonando os seus costumes e deixando esquece-las súas tradicións, esbo-rallarse os seus monumentos, ignora-la súa cultura. (...).*

*Galicia era un pobo de desleigados que rompía coa tradición propia e quería acoller unha tradición allea, enteiramente rifada co seu temperamento, coa súa maneira de ser, polo cal lle viña como unha carantoña de entroido, coa que facía a máis tristeira e ridícula figura, ó mesmo tempo que se empobrecía, que se incapacitaba para o exercicio das liberdades públicas propias dos pobos modernos, e tiña que procurar na emigración o pan e a vida civil que non podía gozar na súa patria (...)*

*Galicia daba a sensación dun pobo suicida, dun pobo que se quería anular a si mesmo, que quería afoga-las súas características, borrar toda diferenza que o puidera distinguir, para desaparecer como tal pobo"<sup>5</sup>.*

A tradición, advirte Puy Muñoz, é un concepto, unha abstracción lóxica. Na realidade non hai tradición, como tradicións concretas duns homes concretos, nun hábitat concreto e cunha historia concreta, o que permite falar da tradición galega como algo distinto e propio. Pero como experiencia humana difícil de definir que é, o dereito a ela non pode concretarse senón nos bens culturais -fósiles culturais, nos medios e instrumentos que podan proporcionarnos algúns coñecementos no acceso a instalacións e dependencias, institucións e actividades onde a tradición se manteña viva e podamos familiarizarnos con ela, empaparnos dela por osmose. Para Puy Muñoz "dereito a cultura e dereito a tradición están tan enlazados, que poderíamos dicir constitúen as dúas caras da mesma porta: a porta que separa o aspecto racional e o irracional do psiquismo humano. (...) a cultura connota o mundo que fai o home, poñendo en funcionamento o seu espírito, para crear un conxunto de formas. Estas formas creadas, primeiro, son vivas e espontáneas. Pero, logo, transfórmanse en modelos ríxidos e arquetipos fosilizados. Todos, sen embargo, uns e outros, constitúen cultura e son dignos de admiración cultural"<sup>6</sup>.

Os instrumentos xurídicos, a propia Constitución española do 29 de decembro de 1978 e os textos de ciencia social adoitan recoñecer e protexe-lo que denominamos dereito á tradición, baixo os eufemismos patrimonio cultural, patrimonio histórico ou fórmulas semellantes. A presenza deste dereito na nosa carta magna é explícita nos artigos:

3.3. *A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.*

46. *Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio.*

132.3. *Por lei regularanse o Patrimonio do Estado e o Patrimonio Nacional, a súa administración, defensa e conservación.*

<sup>1</sup> GARCÍA BRAÑA, C. (1984) En torno a la defensa del patrimonio en I Seminario galego de arte/comunicación. Sada, p. 49.

<sup>2</sup> ÁLVAREZ ÁLVAREZ, J. L. (1975) El patrimonio artístico español. Valladolid, p.9

<sup>3</sup> GARCÍA SABELL, D. (1984) No umbral dun seminario de arte/comunicación en I Seminario galego de arte/comunicación. Sada, p.23.

<sup>4</sup> PUY MUÑOZ, F. (1983) Derechos humanos. I. Santiago, p. 232.

<sup>5</sup> MARTÍNEZ RISCO, V (1981) Teoría nacionalista. Edición de Francisco J. Bobillo. Madrid, p.257.

<sup>6</sup> PUY MUÑOZ, F (1983) Op. cit, p. 220.

<sup>7</sup> Art. 3: Véxase para as linguas españolas distintas do castelán, E.A.P.V. art. 6; E.A.C art. 3; E.A.G art.5; E.A.C.V. art.7; L.O. de melloramento do Réxime foral de Navarra art. 9; E.A. Asturias art. 4 y E.A.I.B. art. 3. Art. 46.: Lei 16/1985 de 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español. Art. 132.3.: Lei 23/1982, de 16 de xuño, reguladora do Patrimonio Nacional.


As Comunidades Autónomas gozan, en virtude dos seus Estatutos, de amplas competencias respecto do patrimonio histórico-artístico de interese autonómico ou rexional. Véxase: E.A.P.V. L.O. 3/1979, de 18 de decembro, art 10.20.; E.A.C. L.O. 4/1979, de 18 de decembro, art 9.6.; E.A.G. L.O. 1/1981, de 6 de abril, art. 27.18. O resto dos Estatutos de Autonomía pronúncianse en sentido similar.

<sup>8</sup> ÁLVAREZ ÁLVAREZ, J. L. (1975) Op. cit, p. 25.

<sup>9</sup> PUY MUÑOZ, F. (1983) Op. cit, p. 238.

<sup>10</sup> CHUECA GOITIA, F. (1977) La destrucción del legado urbanístico español. Madrid, p. 10.

<sup>11</sup> CARRASCO CANALS, C. (1975) Ruptura y rehabilitación del patrimonio cultural y urbanístico en Ciudad y territorio nº 3. Madrid, p. 32.



148.1.16<sup>a</sup>. As Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias (...) Patrimonio monumental de interese da Comunidade Autónoma.

e 149.1.28<sup>a</sup>. O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias: (...) Defensa do patrimonio cultural, artístico e monumental español contra a exportación e a espoliación; museos, bibliotecas e arquivos de titularidade estatal, sen prexuízo da súa xestión por parte das Comunidades Autónomas.

Ó lexislador ordinario seralle encomendada a tarefa de desenvolver, en beneficio da tradición cultural española, os preceptos constitucionais antes apuntados<sup>7</sup>. Pero con todo, resulta obvio afirmar que de pouco serven as leis se na conciencia do pobo non está arraigada a necesidade de protexer-lo seu dereito á tradición. A eficacia das leis está en razón directa á colaboración da propia sociedade. Sen a súa colaboración activa é imposible un labor auténtico de defensa e promoción dos bens culturais. No momento en que o valor destes se coñecen, deféndense mellor incorporándoos, achegándoos ós que os han de defender, pois como recoñece José Luis Álvarez no seu libro El Patrimonio Artístico Español "as forzas da sociedade, espartandoas e ordenandoas son inmensas"<sup>8</sup>.

Afirma-lo dereito á tradición supón, á sociedade, esixir-lo dereito a participar no patrimonio común herdado e o dereito a conserva-la tradición creada ó paso dos séculos. Mal poderá ser efectivo o dereito a participar da tradición se esta non se conserva. Por tanto, é necesario o recoñecemento do dereito á acción conservadora; é dicir, o dereito a conservar e a que sexan conservadas as tradicións. En palabras de Puy Muñoz: o dereito ó conservadorismo.

*"Dereito fundamental que ten todo ser humano a esixir ó poder estatal e ós poderes sociais intermedios, que actúen eles mesmos positivamente e coadruven con tódolos que queiran actuar para garanti-la conservación das tradicións basilares do grupo social de referencia"*<sup>9</sup>.

Garanti-lo futuro do propio pasado cultural é tarefa á que todos estamos chamados. Se non se fai, e este patrimonio segue a sufrir desatencións, omisións e perdas, a responsabilidade moral será, de distinto grao, pero de todos, e maior, dos que máis competencia, posibilidades e cultura teñan.

*"A posteridade será moi dura cando se trate da rendición de contas, a non ser que suceda algo máis grave aínda: que os tempos vindeiros fagan bos ós pasados, persistindo a mesma insensibilidade ante os valores culturais e históricos, a mesma anarquía e corrupción na administración pública, o mesmo egoísmo desenfreado e a mesma falta de ideais, ¡que Deus non o queira!"*<sup>10</sup>

Non é patrimonio exclusivo do noso tempo o disparatado e destructor proceso do legado histórico e cultural. Pero a súa aceleración no presente século foi tan descarada e vergoñosa que provocou a resposta da comunidade ante tal deterioro, pasando de manter unha actitude pasiva ou indiferente, a unha actitude activa, cando non belixerante. A sociedade entendeu "que o seu porvir estaba no seu pasado e que este pasado, deteriorado, era necesario recuperalo"<sup>11</sup>.

Ós órganos da Administración Pública, non só ós centrais, senón tamén ós de ámbito territorial rexional, provincial ou municipal, e á Igrexa española, posuidora lexítima dun amplísimo patrimonio cultural creado por ela para cumprimento da súa misión espiritual e por ela conservado durante séculos, correspóndelles, dentro do propio labor de culturización e educación, favorecer e dar respostas eficaces a esta preocupación social fondamente sentida.

Se a necesidade de protexer, conservar e preservar-lo patrimonio histórico e cultural estivo na mente dos homes desde tempos históricos distantes, hoxe é sentida como imperiosa necesidade vital para escapar á abstracción e defende-la identidade cultural e anímica a coíto ameazada da sociedade. Xa na antigüidade clásica existiu preocupación porque as obras histórico-artísticas perduraran o máis posible. "Os gregos

contemplaban con tristeza como as columnas de madeira dos seus vellos santuarios e as súas veneradas xoanas de madeira tamén se degradaban por efecto da acción irreversible do paso do tempo e dos axentes destructores<sup>12</sup>.


No ámbito de lexislación protectora do patrimonio histórico-artístico, en España, inda que de forma incipiente e fragmentaria tanto as leis de Partidas do Rei Sabio como nalgúns Foros, como advirte Eduardo Roca, xa "se fai referencia á conservación de construcións públicas, tales como murallas e obras defensivas das cidades, inda que prevalece sobre o seu valor intrínseco, histórico ou artístico, o carácter militar das mesmas"<sup>13</sup>. Como política lexislativa especificamente protectora do patrimonio artístico, esta non se concretará ata a política ilustrada dos séculos XVIII e XIX<sup>14</sup>. Se as primeiras normas dictadas para a protección do patrimonio histórico-artístico xorden coa creación das Academias da Historia e de Belas Artes de San Fernando, no século XIX, por estraño que isto pareza, naceu a erudición e a lexislación protectora de monumentos. "Algo tiña que traer de positivo aquela desgraciada etapa decimonónica en troco de tódolos máis variados atropelos contra unha monumentalidade prestixiada polo tempo e por non caducables conceptos de beleza. Nela, construíuse tanto e con tal desprezo da dignidade arquitectónica, substituíndo ou non o derribado, que se comezou a delimitar nos criterios da masa a idea de que o antigo sobraba, de que respondía a vellas necesidades incompatibles coas do momento, e que se unha construción, fose cal fose a súa prosapia, obstruía un plano urbanizador, debía desaparecer"<sup>15</sup>.

Observemos que o celo que a sociedade puxera no mantemento e conservación do legado histórico e cultural dependeu, en sumo grao, de motivacións filosóficas e históricas concretas ben diferentes segundo as épocas, as peculiaridades de cada cultura e o momento histórico de actuación. Cando en 1540 o emperador Carlos V autoriza a reconstrución de tódolos castelos e fortalezas de orixe romana do reino, e en 1543 manda restaurar a ponte romana de Alcántara, detrás da súa beneficiosa actuación cara ó patrimonio histórico militar agachábanse motivacións defensivas e de orde estratéxica. É evidente que tales motivacións desapareceran cando en 1949, por Decreto de 22 de abril (B.O.E. 5-5-1949), o Ministerio de Educación Nacional dispón que:

*art. 1. Tódolos castelos de España, calquera que sexa o seu estado de ruína, queden baixo a protección do Estado, que impedirá toda intervención que altere o seu carácter ou poda provoca-lo seu derrubamento.*

Razóns de orgullo e honor nacional son esgrimidas, agora, para actuar sobre tales edificacións. Como sinala o preámbulo do Decreto, nunha linguaxe propia da época, os castelos "son evocación da historia da nosa Patria nas súas épocas máis gloriosas. (...) Calquera que sexa o seu estado de ruína, deben ser obxecto da solicitude do novo Estado, tan celoso na defensa dos valores espirituais da nosa raza". Argumentos similares manexaba Ortiz de Zúñiga en 1843 cando afirmaba que "o honor nacional está altamente interesado na conservación de antigos monumentos útiles á historia ou gloriosos polos seus recordos e das pinturas e obxectos artísticos de mérito notorio dos cales xa non existen os seus célebres autores"<sup>16</sup>.

Xunto a razoamentos puramente sentimentais e culturais, na actualidade, unha poderosa razón de índole pragmática, a rendibilidade económica dalgúns dos nosos castelos, cobra unha importancia decisiva para as poboacións e particulares que os posúen. Moitas vilas da nosa xeografía vístanse exclusivamente polos castelos que encerran e esta tónica irá "in crescendo" na medida en que o nivel cultural aumente e o interese pola arte e a historia se xeneralice. Pero permítanme indicar, con tristeza, que está no ambiente unha perigosa visión reduccionista que pode levarnos a valoralo patrimonio histórico só "como unha oferta turística para incrementala balanza de divisas, desenvolvendo ou amparando os bens culturais como factores de bens mercantís para programar opcións rehabilitadoras mediante analogías, que fan coincidir núcleos históricos



<sup>12</sup> NIETO GALLO, G. (1971) Consideraciones en torno a la conservación de bienes culturales. Aplicaciones prácticas en la provincia de Murcia. Madrid, p. 7.

<sup>13</sup> ROCA ROCA, E. (1976) El patrimonio artístico y cultural. Madrid, p. 17.

<sup>14</sup> Véxase: GONZÁLEZ-ÚBEDA RICO, G. (1981) Derecho Español histórico y positivo en Aspectos jurídicos de la protección del patrimonio histórico artístico y cultural. Madrid, pp. 25-91.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, J. (1985) Regulación del patrimonio histórico-artístico en el derecho español en La destrucción del patrimonio arquitectónico rural de la Iglesia en la provincia de La Coruña. Teoría para su conservación y rehabilitación. Tese de Licenciatura. Santiago, pp. 268-287. (Inédito).

<sup>15</sup> GAYA NUÑO, J. (1961) La arquitectura española en sus monumentos desaparecidos. Madrid, p. 24.

<sup>16</sup> ORTIZ DE ZÚÑIGA, M. (1843) De la conservación de monumentos antiguos y objetos artísticos en Elementos de derecho administrativo III. Granada, p. 187.

<sup>17</sup> FERNÁNDEZ ALBA, A (1984) ¿Por qué empeñarnos en profanar el lago? en I Seminario galego de arte/comunicación. Sada, p. 34.

<sup>18</sup> SOLANA MADARIAGA, J. (1985) La Ley del patrimonio, medio siglo después. El País. (21-2-1985). Madrid, p. 31.

<sup>19</sup> SORALUCE BLOND, J. R. (1981) Nove séculos de arquitectura galega. Cinco estilos de arquitectura en Galicia: A destrucción e a integración do patrimonio arquitectónico. Santiago, p. 33.

<sup>20</sup> ÁLVAREZ MORA, A. (1983) El patrimonio arquitectónico y urbano Madrid, pp. 13-14.

<sup>21</sup> GAYA NUÑO, J. (1961) Op. cit, p. 40.

de inflexión cultural con itinerarios turísticos, chegando a maximiza-lo axioma de que o fermoso se salva sempre que sexa rendible<sup>17</sup>. Fronte á apatía de tales formulacións, materialistas en extremo, a definición de "o artístico", de "o que hai que conservar" deberá ser ampliada cun criterio xeneroso e variable. A este modo de entende-lo patrimonio histórico, a nova Lei do Patrimonio 16/1985, de 25 de xuño (B.O.E. 29-6-1985), responde co concepto de "ben de interese cultural" (BIC). Desde as páxinas do diario El País, o Ministro de Cultura, Javier Solana, afirmaba:

*"O interese cultural dun ben defínirase pola súa utilidade pública e derivará da importancia que ese ben posúa como testemuño histórico; isto é, como obxecto da estima e o goce comunitarios"*<sup>18</sup>.

A Lei consagra unha nova definición do patrimonio histórico ampliando notablemente a súa extensión fronte á venerable Lei Reguladora do patrimonio histórico-artístico de 13 de maio de 1933. Lemos no seu articulado:

*Integran o Patrimonio Histórico Español os inmobles e obxectos mobles de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico. Tamén forman parte do mesmo o patrimonio documental e bibliográfico, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, xardíns e parques, que teñan valor artístico, histórico ou antropológico. (art. 1.2.).*

Advirtase o mérito da definición. A ela nada lle é alleo, pois se refire a todo aquilo existente e incluso en expectativa.

Non abonda, insistirei nisto, con evitar que se destrúan os edificios singulares e únicos para conserva-la memoria histórica da sociedade. É necesario observa-lo patrimonio histórico con amplitude de miras e recoñecer como parte fundamental deste "desde a arruinada ermida á sinxela igrexa rural barroca cargada de arañeiras ou as catro pedras que aínda permanecen en pé dun vello torreón local"<sup>19</sup>. Sen diluí-lo excepcional e singular como motivo de pública veneración para dar entrada ós conceptos de xeneralidade e utilidade para a historia, a cultura, o home e a sociedade, como á súa concepción de bens escasos e, por tanto, obxecto de protección, fomento, goce, o noso horizonte cultural nunca poderá se-lo ambicioso e amplo que tantos séculos de historia reclaman. Mentalidades restrictivas, limitadoras, dictatoras, que valoraron "o singular", "o excepcional", "o monumental", produciron actuacións desgraciadas, irreversibles, das que nós aínda temos que sufrir por moito tempo a súa negativa herdanza. Sirvanos recorda-la fábula de Álvarez Mora para mostra-la mesquindade de concepcións que aínda persisten en moitos dos nosos concidadáns e ilustres autoridades. *"Nun día deses destinados a tomar grandes decisións, alguén decide derribar unha desas casas baleiras de vida, para construír un edificio moderno, como eses que están de moda na capital. E a vila empezou a cambiar. A vida parecía que renacía de novo. Cada casa abandonada era un soar, e isto significaba que todos podían construír casas máis altas, con terraza, mesmo con ascensor e garaxe. Deste espectáculo de cambios profundos, que todos identificaran co progreso, só a igrexa, concello e algunha que outra casa señorial lograron manterse á marxe, permanecendo ancorados na Historia"*<sup>20</sup>.

Por desgracia moito do noso patrimonio artístico e cultural se perdeu. Xunto a monumentos dos cales é factible establece-la súa data exacta de demolición ou venda, outros moitos morreron de maneira lenta e anónima entre o abandono, o saqueo, a torpe e ineficaz lexislación, a indiferencia duns, a apatía doutros e o descoñecemento xeral, non sendo sempre "factible sacar á vergonza nacional a nómina dos preteniosos españois que diminuíron o noso Tesouro Artístico, xa que tantas veces o atentado se consumou por accións plurais e oficiais, estatais e corporativas, das que, por distribuír culpa entre moitísimos autores, impiden sinalar ó maior responsable"<sup>21</sup>.

## 2 DO PATRIMONIO CULTURAL E ARQUITECTÓNICO DA IGREXA

A conservación, protección e defensa dos bens culturais constitúe hoxe, quizais máis que nunca, unha responsabilidade compartida do Estado e a comunidade, pero tamén da Igrexa. Á parte do Estado e os particulares existe en relación co patrimonio cultural, unha entidade con características peculiares pola riqueza do patrimonio histórico que posúe. Esta personalidade é a Igrexa Católica.

A problemática relativa ós bens culturais eclesiásticos debe a súa crecente actualidade no noso país a tres razóns fundamentalmente: 1º., á revisión do Concordato de 1953, que pretendendo adapta-las relacións Igrexa-Estado á nova situación política española e ós principios constitucionais, foi substituído por unha serie de Acordos entre 1976 e 1979, un dos cales, o Acordo sobre ensino e asuntos culturais, ocúpase do tema do patrimonio histórico-artístico e cultural; 2º., a constitución en España de entes autonómicos con amplas competencias en materias de patrimonio artístico e histórico e as novas relacións entre tales entes e as autoridades eclesiásticas; e 3º., a existencia da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e o seu Regulamento de 10 de xaneiro de 1986<sup>22</sup>.

A riqueza do patrimonio histórico e cultural da Igrexa ten fundamentos históricos sobradamente coñecidos.

*"A Igrexa posúe un patrimonio artístico-histórico verdadeiramente amplo e valioso: edificios, templos, obxectos, tallas, pinturas, ourivería, libros, documentos. Todo isto foise creando no seu seo a través dos séculos con vistas ó funcionamento interno da mesma igrexa, ó mellor servizo do culto divino e á evanxelización do pobo"*<sup>23</sup>.

Desde os seus primeiros tempos ata os nosos días, a Igrexa, representou o papel protagonista en feitos artísticos, impulsou usos e fermosas creacións, adquiriu, realizou ou recibiu obxectos, mobles, esculturas, edificios, lugares, que hoxe son, en moitos casos, notables e apreciadas obras de arte, fermosos monumentos ou sinceras construcións de interese histórico e etnográfico.

*"A importancia, polo seu número e calidade, deste patrimonio histórico-artístico é sinxelamente extraordinario. A suma de catedrais, mosteiros, templos parroquiais, conventos, ermidas, milladoiros, cruceiros, santuarios, etc., mailo seu contido de retablos, lenzos ou táboas pintadas, esculturas, ourivería, enreixado, roupas e todo o relacionado co culto, dan como resultado moitos milleiros. Constitúe, sen dúbida, unha parte moi importante de todo o noso patrimonio histórico-cultural"*<sup>24</sup>.

<sup>22</sup> O Concordato de 27 de agosto de 1953, que regula no seu artigo 21. o patrimonio histórico-artístico, foi substituído polos Novos Acordos entre o Estado Español e a Santa Sé: -Acordo sobre renuncia á presentación de Bispos e ó privilexio do foro de 28 de xullo de 1976 e os Acordos de 3 de xaneiro de 1979. Destes últimos o Acordo sobre ensino e asuntos culturais contén dúas mencións relativas ós bens culturais. A primeira, de carácter non dispositivo, no Preámbulo. A segunda, con eficacia dispositiva, no art 15. Froito do Acordo foi a constitución da Comisión Mixta que redactaría o "Documento relativo ó marco xurídico de actuación mixta Igrexa-Estado sobre patrimonio histórico-artístico" de 30 de outubro de 1980.

<sup>23</sup> IGUACÉN BORAU, D. (1982) La situación del patrimonio Histórico artístico de la Iglesia en Actas de las I jornadas de patrimonio histórico artístico de Castilla-León. II. Burgos, p. 543.

<sup>24</sup> SANCHO CAMPO, A. (1982) Participación e iniciativas de la Iglesia en la conservación y mantenimiento del patrimonio eclesiástico. Proyección cultural y social en Actas de las I jornadas... op. cit, p. 553.





A Igrexa está en lexítima posesión dun patrimonio cultural creado e conservado por ela ó longo dos séculos. Constitúe unha riqueza irrenunciábel para a propia Igrexa. "Se o bo sentido nos axuda a establecer unha xerarquía de dereitos, os bens do patrimonio serán no seu comezo daquel a quen deben a súa existencia, porque os creou ou os pagou ó artista para si. Non é lícito esquecer, nun planeamento político realista, que o atentado contra este dereito orixinal de propiedade daría ó traste co estímulo de creación: ninguén manda producir riqueza ou beleza en beneficio do que o espolie primeiro"<sup>25</sup>.

Por outra banda, a vontade de posuír bens está sempre orientada pola vontade de usalos con algún destino concreto. No caso da Igrexa católica o patrimonio cultural herdado está vinculado ás necesidades do culto.

*"Este patrimonio non só ten un valor meramente cultural, ante unha sociedade que acode a el en busca da súa propia historia, senón que para a Igrexa, posúe unha finalidade moi superior, a de ser testemuño dunha fe profesada profundamente polos membros da mesma"*<sup>26</sup>.

A Igrexa que durante séculos valorou e protexeu a arte, creou un legado histórico-artístico que constitúe hoxe un verdadeiro tesouro para a cultura, a arte e maila historia. Así a todo é evidente que a misión da Igrexa non é artística, senón pastoral, non busca a arte pola arte, senón que dispón a arte ó servizo do culto divino e da evanxelización. Polo tanto, ós bens do patrimonio histórico da Igrexa, que teñen de acordo coas normas canónicas natureza e finalidade relixiosa, débeseles recoñecer e respectar, como sinala o art. 2.2. do Convenio de Colaboración entre a Xunta e a Igrexa Galega<sup>27</sup> para a defensa e conservación do patrimonio histórico, asinado en Santiago de Compostela o 17 de abril de 1985, agás casos excepcionais, o uso relixioso. "O atentado ó uso, a desviación do sentido cultural a outros valores estéticos arrancados del, cegarían as fontes da arte. Non se fan comedores de mosteiros para que se convertan en salóns de actos de concellos, nin se minian antifonarios para que peneiren a luz nas grandes lámpadas eléctricas dos hotéis de luxo"<sup>28</sup>.

Os que ponderando con malicia o perigo, o abandono, a destrución das grandes riquezas histórico-artísticas da Igrexa, propugnan a adopción de medidas unilaterais que significan de feito unha desamortización encuberta, esquecen, a historia é testemuña, que a Igrexa soubo defender e conserva-lo seu patrimonio histórico durante séculos máis e mellor que calquera outra institución. Os fallos, as omisións e os erros que se cometeron na difícil tarefa de administración de tal patrimonio foron frecuentemente recoñecidos pola Igrexa. Pero o seu volume en maneira algunha pode descualifica-lo labor de conservación e de reconstrución realizado.

<sup>25</sup> IRIBARREN, J. (1980) El patrimonio histórico-artístico y documental de la Iglesia en los acuerdos entre la Iglesia y España. Madrid, p. 574

<sup>26</sup> FERNÁNDEZ CATÓN, J. M. (1980) El patrimonio cultural de la Iglesia en España y los acuerdos entre el Estado Español y la Santa Sede. León, p. 13

<sup>27</sup> Art. 2.2.: "A Xunta de Galicia recoñece que os bens do patrimonio da Igrexa teñen, de acordo coas normas canónicas, natureza e finalidade relixiosa e, conforme a tal recoñecemento, respectará, en todo caso, o preferente uso relixioso dos mesmos". Convenio de Colaboración entre os Bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia co fin de garantila conservación e fomentar ou promove-lo enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa (DOG 5-6-1985; B.O.A.S. 20-5-1985).

<sup>28</sup> IRIBARREN, J. (1980) Op. cit, p. 574.

Ignorar este capítulo de méritos pasados e actuais, resultaría inxusto. Os perigos argumentados, destrución, exportación ilegal, abandono, roubos, non son exclusivos da Igrexa. Danse en tódolos países non respectando nin bens estatais nin tesouros privados. Non esquezamos que o Estado, imposibilitado para facer fronte a todo o custo da operación de rescate do seu propio patrimonio histórico-artístico, tamén en perigo, tamén sen catalogar, sería incapaz, cos seus escasos orzamentos, de asumir o gasto real que unha hipotética situación desamortizadora suporía.

*“Á Administración do Estado faltáronlle sempre posibilidades materiais de actuación. Faltoulle autoridade moral para esixir a outros o que ela mesma non parecía disposta a facer”*<sup>29</sup>.

*“máis aínda, a Administración nunca eludiu confesala súa notoria debilidade neste sentido. Quería protexer-lo patrimonio, pero nunca estivo disposta a gastar diñeiro nin sequera nos monumentos da súa propiedade. A fórmula da cesión destes a Corporacións e particulares (...) é explícita neste sentido”*<sup>30</sup>.

A Igrexa veu asumindo como obriga, na maior parte dos casos, e na medida das súas posibilidades, a conservación, mantemento e custodia das dúas terceiras partes do patrimonio artístico e histórico español. Tal actitude de responsabilidade cara á conservación do propio, esixida pola Lei de 25 de xuño de 1985 no seu artigo 36.1.<sup>31</sup>, non é xeneralizable a tódolos propietarios de bens histórico-artísticos. É proba da vontade inequívoca da Igrexa de conservar e defende-lo patrimonio artístico e cultural herdado a abundante lexislación dimanada da mesma institución en orde á salvagarda dos bens culturais dela dependentes. Podemos rastrea-la súa presenza de forma documental xa desde finais do século VI. D.C. cando “o papa San Gregorio Magno opoñese á destrución e desaparición de imaxes e pinturas porque unha cosa é adorar unha pintura e outra coñecer a través da historia pintada que é o que hai que adorar. El mesmo prohibe destruír templos pagáns, se están ben construídos, é dicir, se teñen algún valor artístico”<sup>32</sup>. Desde aqueles tempos históricos distantes a preocupación polo tema veuse plasmando en múltiples circulares, regulamentos e instrucións, e particularmente na literatura xurídica conciliar. A inclusión na Constitución sobre a Sagrada Liturxia de todo un capítulo, o VII (nn. 122 ó 130), dedicado “Á arte e ós obxectos sagrados”, é testemuño de que o Concilio Vaticano II intentou situar á arte no xusto posto que ó longo dos séculos ocupou na Igrexa.

*“O texto, así a todo, inda que perfila algunhas directrices xerais, non chega a ofrecer unha normativa puntual e concreta dos asuntos necesitados de disciplina. Neste sentido, o contido da citada Constitución redúcese, dunha parte, á exposición dalgunhas razóns e xustificacións, de alcance limitado, respecto da aplicación e finalidade cultural dos bens artísticos relixiosos”*<sup>33</sup>.

Da lexislación posterior á celebración do Concilio destaca-la “Instrución para aplicar debidamente a Constitución sobre a Sagrada Liturxia” de 1964 e a “Carta circular da S.C. para o clero sobre a conservación do patrimonio histórico-artístico da Igrexa” asinada en Roma o 11 de abril de 1971. Tamén, e de acordo co mandado polo Concilio Vaticano II, nacen nas dioceses as chamadas Comisións de Arte Sacra que teñen como misión última velar pola conservación e mantemento do patrimonio histórico da Igrexa. Para Iguacén Borau “estas Comisións que han de estar compostas por persoas entendidas, interesadas e entusiastas son un instrumento moi eficaz, (en orde á defensa do patrimonio da Igrexa) pola súa proximidade á realidade de cada igrexa local, pola posibilidade dun mellor coñecemento e pola facilidade para orientar e controlar”<sup>34</sup>. En data recente e dentro das conclusións das Xornadas Nacionais do Patrimonio Cultural da Igrexa celebradas os días 3 e 4 de xuño de 1983 en San Lorenzo de El Escorial, reiterouse a necesidade para a mellor defensa, conservación e promoción do patrimonio eclesiástico da existencia das susoditas comisións.

*“Reitérase a urxencia da creación e funcionamento onde aínda non o estea das comisións diocesanas do patrimonio cultural”*<sup>35</sup>.

<sup>29</sup> RAMÓN FERNÁNDEZ, T. (1978) La legislación española sobre el patrimonio histórico-artístico. Balance de su situación de cara a la reforma en R.A.P nº 87. Madrid, p. 21.

<sup>30</sup> Ibidem, p. 21.


<sup>31</sup> Art.36.1.: “Os bens integrantes do Patrimonio Histórico Español deberán ser conservados, mantidos e custodiados polos seus propietarios ou, no seu caso, polos titulares de dereitos reais ou polos posuidores de tales bens”.

<sup>32</sup> IGUACÉN BORAU, D. (1982) Op. cit, p. 546.

<sup>33</sup> ALDANONDO SALAVERRÍA, I. (1983) La Iglesia y los bienes culturales en R.E.D.C nº 39. Madrid, p. 459.

<sup>34</sup> IGUACÉN BORAU, D. (1982) Op. cit, p. 549.

<sup>35</sup> Véxase: Ecclesia (18-6-1983) nº 2130. Madrid, p. 16.





No novo Código de Dereito Canónico de 25 de xaneiro de 1983, que derroga ó de 1917, a regulación sobre os bens culturais da Igrexa aparece dispersa incluíndose nas máis variadas sedes sistemáticas e carecendo, polo tanto, do tratamento autónomo que sería de desexar. A maior parte das normas relativas ó patrimonio histórico-artístico e cultural da Igrexa do CIC actual teñen as mesmas características que as do CIC de 1917:

- o c. 491,2 prescribe que en cada diocese exista un arquivo histórico onde "se garden con coidado e se ordenen de modo sistemático os documentos que teñan valor histórico". Esixencias similares establécense para os arquivos parroquiais (c. 535,4 e c. 535,5).

- o c. 1189 determina a obrigación na reparación "de imaxes expostas á veneración dos fieis en igrexas ou oratorios preciosas pola súa antigüidade, valor artístico ou polo culto que se lles tributa" da pertinente licencia do Ordinario dada por escrito;

- o c. 1190,2 prohibe a venda de "reliquias insignes, así como aquelas outras que gozan de gran veneración do pobo" sen licencia da Sé Apostólica;

- o c. 1216 prescribe a observancia dos principios fixados pola Igrexa sobre a arte sagrada na edificación e reparación das igrexas:

*"Na edificación e reparación de igrexas, tendo en conta o consello dos peritos, deben observarse os principios e normas da liturxia e da arte sagrada".*

- o c. 1220,1 obriga a "todos aqueles ós que corresponde, que nas igrexas haxa a limpeza e pulcritude que convén á casa de Deus, evitándose nelas calquera cosa que non estea en consonancia coa santidade do lugar". O c. 1220,2 establece a observancia das oportunas medidas de seguridade para a protección dos bens sagrados e preciosos:

*"Para protexe-los bens sagrados e preciosos deben empregarse os coidados ordinarios de conservación e as oportunas medidas de seguridade".*

- o c. 1222 posibilita para reducir unha Igrexa para usos profanos non sórdidos;

- o c. 1234,2 determina que "nos santuarios ou en lugares adxacentes se conserven visiblemente e se custodien con seguridade os exvotos de arte popular e de piedade".

Ó igual que no CIC de 1917 no Libro V, "Dos bens temporais da Igrexa", preséntanse boa parte dos canons ligados ó patrimonio cultural da Igrexa católica. Dous canons, especialmente, refírense a este tema:

- o c. 1283, 2-3 que establece a obriga de facer un dobre inventario exacto e detallado dos bens pertencentes ó patrimonio cultural de cada persoa xurídica eclesiástica coa descrición e taxación dos mesmos e

- o c. 1292, 2 que determina que para a validez da alienación de bens preciosos por razóns artísticas ou históricas "requírese, ademais do consentimento das persoas e organismos enumerados no c. 1292, 1, a pertinente licencia da Sé Apostólica".

No amplo conxunto de normas e disposicións posteriores ó Concilio Vaticano II tomadas polas igrexas locais e as conferencias episcopais sobre o patrimonio histórico e cultural apréciase, por parte dos responsables eclesiásticos, un maior interese polos valores culturais dos propios bens xunto a un recoñecemento explícito da necesidade de colaboración entre a Igrexa e o Estado. As dioceses españolas manifestaron recoñecendo, en ocasións, humildemente, os propios erros e desacertos, a súa preocupación e alarma pola perda silenciosa do patrimonio histórico da Igrexa. Santos San Cristóbal en 1977 manifestaba:

*"A situación do patrimonio artístico da Igrexa é hoxe verdadeiramente dramática. Efectuouse no mesmo unha mingua e un dano xa irrecuperable, que ten o aspecto de verdadeira demolición. Non faltan templos que antes tiñan os seus artísticos retablos,*

<sup>36</sup> SAN CRISTÓBAL SEBASTIAN, S. (1977) La conservación del patrimonio artístico de la Iglesia en Ecclesia (13-8-1977) nº 1849. Madrid, p. 38.

as súas pinturas e esculturas e enreixados artísticos, etc., e hoxe só son unhas paredes desoladas”<sup>36</sup>.

O mesmo ano, Antonio Niceas, creador do Museo Diocesano de Santillana de Mar, confesaba:

*“O estado actual do patrimonio artístico relixioso no noso país non é, nin moito menos o desexable, non só polo tradicional abandono ou desleixo por parte de tódolos estamentos xerárquicos da Igrexa, senón tamén polo grave desfase cultural que sofre ela mesma e que respecto a este tema produce”*<sup>37</sup>.

Se responsable é a xerarquía tampouco podemos ocultar que o desleixo, ignorancia e descoido de responsables inmediatos do uso e custodia dos bens histórico-artísticos da Igrexa “que nunca, nin tan sequera agora, se viron preparados culturalmente nin para entendela, nin apreciala, nin conservala”<sup>38</sup> contribuíu á perda e deterioro do patrimonio cultural eclesiástico. A educación artística e histórica do clero, esixencia do Concilio Vaticano II (S.C. 129), continúa sendo limitada, escasa e pobre.

*129. Os clérigos, mentres estudian filosofía e teoloxía, deben ser instruídos tamén sobre a historia e evolución da arte sacra e sobre os seus principios en que deben fundarse as súas obras, de modo que saiban apreciar e conservar os venerables monumentos da Igrexa e podan orientar ós artistas na execución das súas obras.*

E se ben compartímo-la idea de Rafael María de Hornedo de que “a formación artística, capaz de converter nun artista ou un crítico a cada sacerdote, é unha utopía, dado que sempre serán poucos aqueles nos que se dean as calidades básicas naturais requiridas por tal formación, e que tampouco pode dárselle o tempo nin a dedicación que ela requiriría”<sup>39</sup>, non é menos certo que o descoido desta posibilitou a desaparición, alienación e lenta morte de bens históricos e artísticos da Igrexa que hoxe todos lamentamos.

O mal efectuado non ten xa posible remedio. Sírvanos o seu coñecemento para rectificar a tempo e evitar novas perdas ou destrucións. Entre as causas que se deron para xustificalo absurdo proceso de aniquilamento do patrimonio eclesiástico sufrido nos últimos tempos adoitan citarse as seguintes:

1.- As erróneas interpretacións do Concilio Vaticano II. A preocupación sentida en 1965 por Gratiliano Nieto Gallo, sobre unha superficial interpretación dalgunhas das recomendacións do artigo 128 da Constitución sobre a Sagrada Liturxia, en orde á corrección ou supresión do que parecera menos conforme coa Liturxia Sagrada, viuse confirmada polos anos. A citada recomendación de “singular interese, xa que encomenda ás Asembleas territoriais de Bispos a súa realización, a fin de adaptalas innovacións ós costumes e necesidades locais”<sup>40</sup> aplicouse, en bo número de ocasións, sen prudencia producindo perdas irreparables, “deixando sen uso, xustificadamente ou non, altares, retablos, utensilios e accesorios, que ó non ser usados reciben un mal trato e un coidado nulo, correndo grave risco de ser vendidos ocultamente”<sup>41</sup>.

*128. Revisense canto antes, xunto cos libros litúrxicos de acordo co artigo 25, os canons e prescricións eclesiásticas que se refiren á disposición das cousas externas do culto sagrado, sobre todo no referente á apta e digna edificación dos templos, á forma e construción dos altares, á nobreza, colocación e seguridade do sagrario, así como tamén á funcionalidade e dignidade do baptisterio, á orde conveniente das imaxes sagradas, da decoración e do ornato. Corríxase ou suprimase o que pareza ser menos conforme coa liturxia reformada e consérvase ou introdúzase o que a favoreza.*

*Neste punto, sobre todo en canto á materia e á forma dos obxectos e vestiduras sagradas, dáse facultade ás asembleas territoriais de bispos para adaptalos ós costumes e necesidades locais, de acordo co artigo 22 desta Constitución.*

2.- Motivos económicos. As necesidades económicas urxentes son causas esgrimidas tradicionalmente para xustificar situacións lamentables de vendas de obxectos de valor histórico ou artístico. Así José Luis Álvarez, nesta liña, afirma:

*“Nunha razoable xerarquización de fins, os culturais están sempre detrás dos puramente espirituais, ou de axuda ós necesitados, ou dos de subsistencia da orde pro-*

<sup>37</sup> NICEAS, A. (1977) La conservación del patrimonio artístico de la Iglesia. Op. cit, p. 34-35.


<sup>38</sup> Ibidem, p. 34.

<sup>39</sup> RAFAEL M. DE HORNEDO, S. J. (1965) La enseñanza del arte en los seminarios en Actas de la II semana nacional de arte sacro. León, p. 401.

<sup>40</sup> NIETO GALLO, G. (1965) Evolución del arte cristiano. Concilio Vaticano II y su preocupación por la renovación del arte sagrado en Actas de la II semana... op. cit, p. 550.

<sup>41</sup> ÁLVAREZ ÁLVAREZ, J. L. (1975) Op. cit, p. 22.

<sup>42</sup> Ibidem, p. 23.





*pietaria, dos seus membros, ou do clero encargado da institución que sexa. E, por tanto, é lóxico que nestes casos se pretenda dispoñer e se dispoña do patrimonio realizable: tallas, pinturas, prata, ornamentos etc.*<sup>42</sup>

Esta e outras afirmacións semellantes constitúen un corpo de doutrina ante o cal o lexislador da Lei de 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español non ocultou a súa inquedanza e preocupación que se veu a plasmar no artigo 28.1.:

*Os bens mobles declarados de interese cultural e os incluídos no Inventario Xeral que estean en posesión de institucións eclesiásticas, en calquera dos seus establecementos ou dependencias, non poderán transmitirse por título oneroso ou gratuito nin cederse a particulares nin a entidades mercantís. Ditos bens só poderán ser alleados ou cedidos ó Estado, a entidades de Dereito Público ou a outras institucións eclesiásticas.*

3.- A despoboación dos núcleos rurais e o descenso no número de sacerdotes, fenómeno de gravísimas consecuencias, suscitou, nos últimos tempos, novos problemas. Igrexas, capelas e ermidas sostidas antes por unha numerosa veciñanza e vinculadas a un só sacerdote, responsable cotián da conservación destas construcións, quedan agora totalmente abandonadas á súa sorte, en despoboados e en progresiva destrución. Se a falta de recursos económicos impide un eficaz labor conservador, o non afrontar a tempo as necesarias obras de reparación xunto a pequenas obras como o repaso dos tellados ou o quitar goteiras, por negligencia, leva a situacións penosas e en casos, insolubles.

4.- A incuria unida á falta de sensibilidade artística, a irreflexión e a baixa estima dos valores culturais, foron causas de máis dunha situación lamentable.

5- Os roubos sacrílegos de bens culturais e pezas artísticas.

Esbozadas algunhas das causas explicativas da destrución e perda do patrimonio histórico da Igrexa, permítanme suscitar á luz da realidade española a necesidade da mutua colaboración entre a Igrexa e o Estado, e en particular a cooperación e o diálogo que deberá existir entre as Comunidades Autónomas e as igrexas locais.

A Constitución española do 29 de decembro de 1978 ó establece-lo sistema autonómico impuxo unha distribución territorial de poder que afectou de maneira directa ó patrimonio histórico-artístico. No título VIII da Constitución atopamos dúas referencias específicas á cuestión: art. 148.1.16º e art. 149.1.28º. En materia de patrimonio histórico-artístico a Constitución permitiu a asunción polas Comunidades Autónomas de competencias moi amplas, lexislativas, executivas e de xestión. A Administración autonómica ofrecía, fronte á intervención estatal, a vantaxe da súa proximidade ós problemas, o coñecemento directo e máis preciso dos mesmos, unha maior sensibilidade cara a estes, permitindo unha intervención máis rápida, harmónica e eficaz. Como

escribía en 1982 María Rosa Suárez-Inclán "a experiencia vai demostrando cada vez máis plenamente, que o patrimonio se defende mellor desde unha plataforma local, o que equivale a firmar que o patrimonio das distintas rexións e nacionalidades debe ser defendido polos seus propios habitantes"<sup>43</sup>.

Hoxe, o patrimonio histórico e artístico da Igrexa de interese rexional está sometido á competencia autonómica. A defensa, promoción e conservación dos bens culturais das igrexas locais obriga a un deseño de tales cuestións no marco da Comunidade Autónoma. Para Isabel Aldanondo "resulta pois ineludible que se articule unha estreita colaboración entre a Igrexa e a Administración autonómica"<sup>44</sup>. Igual propósito defende José María Martí Bonet, director do secretariado interdiocesano para a custodia e promoción da arte sagrada da Conferencia Episcopal Tarraconense:

*"É preciso que os bispos e mailos seus delegados diocesanos da rexión ou nacionalidade estudien as peculiaridades de cada estatuto, xa que hai substantivas variantes se se comparan entre si e por isto non pode establecerse un único modelo de actuación normativa. Con todo, igualmente intenso e eficaz debe se-lo intento de colaborar entre os representantes da Igrexa dentro da rexión ou nacionalidade e os da Comunidade Autónoma. Ámbalas dúas partes deben considerarse interlocutores válidos no tema da cultura da comunidade autonómica. Inda que a cultura ou o patrimonio cultural da Igrexa foi obxecto dos acordos concordatorios entre a Santa Sé e o Estado español, os entes autonómicos teñen competencia de executalos"*<sup>45</sup>

A Igrexa aceptou de bo grao o feito de que sexan as Comunidades Autónomas as que executen en nome do Estado os acordos relacionados co patrimonio histórico e cultural, como o demostran as conclusións das Xornadas Nacionais do Patrimonio Cultural da Igrexa celebradas os días 3 e 4 de xuño de 1983 e á que xa nos temos referido. O documento alí aprobado é reflexo dunha nova etapa na defensa e conservación do patrimonio histórico e cultural, aquela que nace do desexo de colaboración, en orde a resolver os problemas, entre as Comunidades Autónomas e a Igrexa. Esta colaboración véñse plasmando na creación das comisións mixtas de cooperación Igrexa-Comunidade Autónoma. A primeira colaboración formalizada deuse en Cataluña coa creación da Comisión de Coordinación Generalitat-Igrexa en Cataluña para o patrimonio cultural en outubro de 1981 o regulamento de funcionamento do cal foi aprobado en Barcelona o 22 de decembro do mesmo ano. Desde a súa constitución a Comisión veu desenvolvendo un eficaz e proveitoso labor en actuacións moi concretas.

*"Non é necesario encarece-la importancia que nestes momentos reviste a experiencia catalana de colaboración, tanto pola eficacia con que desenvolveu as súas actividades, como polo seu valor modélico para outras experiencias"*<sup>46</sup>.

O 17 de abril de 1985 a Xunta de Galicia a través do seu presidente o Dr. D. Xerardo Fernández Albor, e a Igrexa galega representada polo prelado da Arquidiocese, monseñor Antonio María Rouco Varela asinaban no Pazo de Raxoi de Santiago de Compostela dous convenios, un deles marco de regulación da futura colaboración entre as dúas institucións, o outro, consecuencia do anterior, de cooperación na defensa e conservación do patrimonio artístico e documental da Igrexa baixo o título: Convenio de colaboración entre os Bispos das dioceses que comprenden o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e a Xunta de Galicia co fin de garantir a conservación e fomentar ou promover o enriquecemento do patrimonio artístico e documental da Igrexa.

Fronte a textos anteriores, o galego, como xa defendeu en 1985 Concepción Presas Barrosa, é o que resulta mellor concibido desde un punto de vista estritamente técnico. O citado Convenio, mediante o cal se pretende establecer un marco de relacións institucionais entre o Goberno autónomo e a Igrexa galega respecto á conservación do patrimonio histórico-artístico de Galicia é, para nós, unha porta aberta á esperanza.

Un eficaz labor nas distintas áreas que engloba o patrimonio cultural da Igrexa pasa necesariamente pola colaboración, en aspectos de lexislación, programación e execucións concretas, entre as distintas dioceses concorrentes nunha mesma Comunidade Autónoma e a respectiva autonomía.

<sup>43</sup> SUÁREZ-INCLÁN DUCASSI, M. R. (1982) Repercusión del régimen de las autonomías en la política del patrimonio histórico-artístico en Actas de las I jornadas... op. Cit, p. 1093.

<sup>44</sup> ALDANONDO SALAVERRÍA, I. (1984) Las Comunidades Autónomas, el Estado y los bienes culturales eclesíásticos en *lus Canonium* nº 47. Pamplona, p. 331.

<sup>45</sup> GARCÍA DÍAZ, E. (1983) El patrimonio cultural de la Iglesia y las autonomías en *Ecclesia* (18-6-1983) nº 2130. Madrid, p. 19. Da capacidade "executiva" dos poderes autonómicos en materia de acordos internacionais que afectan á súa competencia véxase ALDANONDO SALAVERRÍA, I. (1984) Op. cit, pp. 308-309.

<sup>46</sup> ALDANONDO SALAVERRÍA, I. (1984) Op. cit, p 347.

